



Teaching Guide				
Identifying Data				2022/23
Subject (*)	Literatura Galega	Code	613G03012	
Study programme	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	Yearly	Second	Obligatory	9
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Letras			
Coordinador	Lopez Fernandez, Maria Teresa	E-mail	t.lopez@udc.es	
Lecturers	Lopez Fernandez, Maria Teresa Lourido Hermida, Isaac Rivadulla Costa, Diego Samartin López-Iglesias, Roberto	E-mail	t.lopez@udc.es isaac.lourido@udc.es diego.rivadulla@udc.es roberto.samartin@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
General description	Estudo da literatura galega a través dos seus textos máis representativos.			

Study programme competences	
Code	Study programme competences

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Coñecer e aplicar as técnicas de análise literaria.	A1 A2 A15	B7	C1
Realizar por escrito documentos científicos (recensións, comentarios, etc.)	A2 A9 A11 A15	B1 B6 B7	C6
Coñecer as principais etapas da literatura galega, da Idade Media á contemporaneidade.	A7 A11 A14	B3 B8	C6
Saber avaliar, analizar e sintetizar criticamente información relativa á literatura galega.	A11 A14	B1 B3 B7	C6
Ser capaz de aplicar os coñecementos literarios á práctica.	A7 A11 A14 A15	B9 B10	C1 C6
Coñecer e manexar os principais recursos web e bibliográficos sobre a literatura galega nas súas diferentes etapas.	A11	B1 B3	C6
Ser capaz de pór en relación os coñecementos adquiridos nesta materia cos de outras de características similares.	A11 A14 A15	B3 B5	C6
Ser capaz de realizar unha presentación oral sobre os contidos da materia.	A4 A9 A15	B4	C1



Contents	
Topic	Sub-topic
1. A literatura galega	1.1 Definición, caracterización, periodización. Cuestións metodolóxicas.
2. Literatura medieval galego-portuguesa.	2.1 Lírica profana. Cantiga de amor. Cantiga de amigo. Cantiga de escarnho e maldizer. 2.2 Lírica relixiosa. Cantigas de Santa María 2.3 A prosa medieval.
3. A literatura nos séculos XVI-XVIII.	3.1 O concepto 'Séculos Escuros'. Unha ilustración galega?
4. O século XIX. O Rexurdimento.	4.1 Prerrexurdimento, rexurdimento, rexionalismo. 4.2 A poesía. Rosalía de Castro: Cantares Gallegos. 4.3 A prosa e o teatro. Período Intersecular.
5. O século XX.	5.1 As Irmandades da Fala. A renovación do sistema. 5.1.1 O Grupo Nós. 5.1.2 As Vangardas. 5.2 A guerra civil. A literatura do exilio. 5.3 A recuperación da actividade literaria na posguerra. 5.3.1 A narrativa. 5.3.2 A poesía. Movementos e autores. 5.4. De 1975 á actualidade. Diversificación xenérica. 5.4.1 A narrativa. 5.4.2. A poesía. 5.4.3. O teatro.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	B5 C6	1	0	1
Document analysis	A1 A9 A11 A15	20	20	40
Workbook	A4 A7 B3 B6 B7	0	40	40
ICT practicals	B1 B3 B4	0	1	1
Guest lecture / keynote speech	B8 B9	45	0	45
Seminar	A11 A14 A15 B1 B3 B4 B7 B10 C1	20	20	40
Events academic / information	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	0	2	2
Supervised projects	A7 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C6	1	15	16
Mixed objective/subjective test	A1 A2 A7 A9 A11 A14 A15 B3 B5 B6 B7 B10 C6	3	35	38
Personalized attention		2	0	2

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Exposición xeral do funcionamento da materia e realización de actividades prácticas para familiarizar o alumnado co funcionamento de bases de datos e repositorios dixitais, cos recursos bibliográficos, e coa metodoloxía das actividades avaliábeis.



Document analysis	Lectura, análise e comentario de códigos, textos e paratextos (xornalísticos, narrativos, poéticos, dramáticos, públicos, privados, correspondencia...).
Workbook	Realización das lecturas obrigadas que se indican no apartado 8 da guía, e dos textos críticos que indique o profesorado.
ICT practicals	Prácticas en que se utilizarán de maneira case exclusiva os recursos en rede incluídos no apartado 8 da guía.
Guest lecture / keynote speech	Sesións de traballo en que o profesorado expón os puntos principais dos contidos da materia, como punto de partida para o traballo posterior do alumnado.
Seminar	Traballo en grupos reducidos coa finalidade do estudo intensivo dun tema. Discusión, participación, elaboración de conclusións nas que se envolveren todos os participantes do seminario.
Events academic / information	Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia Facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.
Supervised projects	Realización por parte do alumnado dun traballo baixo a orientación e co seguimento do profesorado da materia. As características e condicións de realización do traballo explicaranse no inicio do curso e acordaranse co alumnado.
Mixed objective/subjective test	Proba escrita de avaliación que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test, etc.

Personalized attention

Methodologies	Description
Document analysis Seminar Supervised projects	Durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a guía e axuda que precise para a realización das actividades e o acompañamento da materia. Poderán concertarse citas fóra deste horario previa solicitude por correo electrónico. O estudiantado con dispensa académica será obxecto de especial acompañamento individualizado.

Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Events academic / information	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	Cada estudante deberá asistir a dous eventos (conferencias, mesas redondas, exposicións etc.) de entre os recomendados polo profesorado ao longo do curso académico. Sobre cada evento deberá ser cumprimentada, de acordo coas instrucións do profesorado, a ficha de valoración que estará dispoñible no Campus Virtual.	10
Mixed objective/subjective test	A1 A2 A7 A9 A11 A14 A15 B3 B5 B6 B7 B10 C6	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test... A través da proba mixta, avaliarase o seguimento das sesións maxistras, a realización das lecturas etc. Esta proba será única mais realizarase en dúas partes: a primeira no mes de febreiro; a segunda, no mes de maio na data fixada oficialmente pola Facultade.	50
Workbook	A4 A7 B3 B6 B7	As obras de lectura obrigada serán obxecto de traballo específico nas aulas de grupo reducido. A avaliación realizarase tendo en conta o traballo levado a cabo nestas sesións de acordo coas pautas indicadas polo profesorado.	20
Supervised projects	A7 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C6	O traballo titorizado consistirá na elaboración dun vídeo sobre unha obra de lectura asignada polo profesorado. As pautas e as instrucións específicas para a súa realización e presentación serán proporcionadas nas aulas e publicadas no Campus Virtual.	20

Assessment comments



Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exigencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que serán publicados na plataforma Moodle no inicio do curso.

A evidencia de plaxio ou de realización fraudulenta en calquera actividade implicará automaticamente a cualificación con 0 puntos.

O alumnado terá de entregar os traballos e as actividades nos prazos establecidos nas aulas.

1. Requisitos para superar a materia

Para superar a materia, tanto na primeira como na segunda oportunidade, a cualificación mínima da proba escrita deberá ser de 4 puntos sobre 10.

Tendo en conta esta condición, a cualificación final da materia responderá á aplicación das porcentaxes das actividades avaliábeis. Caso de a suma das cualificacións do conxunto superar o 5 mais sen obter o mínimo de 4 na proba escrita, farase constar como cualificación final a obtida na proba escrita (calculada sobre 10, sen ponderar).

2. Non presentado/a

Será considerado NON PRESENTADO/A quen non se presente a ningunha das partes da proba escrita.

Isto é, quen se presentar a calquera das probas escritas, terá a consideración de PRESENTADO/A.

3. Segunda oportunidade

O alumnado que non superar a materia na primeira oportunidade, terá unha segunda no mes de xullo. Nesta segunda oportunidade, deberán ser presentadas/realizadas as actividades non superadas ou non presentadas anteriormente, de acordo coas indicacións específicas que dará o profesorado.

O alumnado que acadase a cualificación de aprobado na ponderación das actividades mais non obtivese un 4 sobre 10 na proba mixta, só deberá realizar a proba mixta.

4. Dispensa académica

O/a estudante que teña concedida dispensa académica terá condicións especiais de avaliación. Deberá pórse en contacto coa profesora Teresa López (t.lopez@udc.gal) antes do día 30 de setembro.

5. Alumnado de segunda matrícula e posteriores ou con incompatibilidade horaria por razóns laborais

O alumnado con estas características que non poida asistir ás aulas con regularidade deberá alertar sobre este feito a través dun correo electrónico a t.lopez@udc.gal antes do día 30 de setembro.

6. Convocatoria adiantada de decembro

Consistirá na realización dunha proba escrita (50% da cualificación) e dunha proba oral (50% da cualificación) que versará sobre as lecturas propias da materia.

Sources of information

Basic	Obras de lectura: Selección de textos medievais. Selección de textos dos séculos XVI-XVIII. Rosalía de Castro, Cantares gallegos. Afonso Daniel R. Castelao, Cousas. Ramón Otero Pedrayo, Contos do camiño e da rúa. Rafael Dieste, A fiestra valdeira. Luís Seoane, A soldadeira. M ^a Xosé Queizán, A orella no buraco. Manuel Forcadela (ed.), Poesía de posguerra. Xosé Luís Méndez Ferrín, Amor de Artur e outros contos con Tagen Ata ao lonxe. Unha obra asignada polo profesorado a cada estudante. Cando for preciso, o profesorado indicará as edicións recomendadas para a lectura.
--------------	--



Complementary	<p>O profesorado da materia proporcionará unha listaxe de recursos bibliográficos específicos para os temas tratados nesta materia a través do Campus Virtual. Como obras de consulta de carácter xeral, indícanse agora as seguintes: Carballo Calero, Ricardo, Historia da Literatura Galega Contemporánea, Galaxia, Vigo, 1981. Pena, Xosé Ramón, Historia da literatura galega, Xerais, Vigo, 2013-2019, 4 vols. Tarrío, Anxo, Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica, Xerais, Vigo, 1997. Tarrío, Anxo (coord.), Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV), Hércules de edicións, A Coruña. Tato Fontaiña, Laura, Historia do teatro galego. Das orixes a 1936, A Nosa Terra, Vigo, 1999. Vilavedra, Dolores (coord.), Dicionario da Literatura Galega, Galaxia, Vigo, 1995-2000. Vilavedra, Dolores, Historia da Literatura Galega, Galaxia, Vigo, 1999. VV. AA., Historia da Literatura Galega, A Nosa Terra, Vigo, 1996, 5 vols. http://literaturagalega.as-pg.gal E os recursos en liña: Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura: http://www.poesiagalega.org Asociación de escritores en lingua galega, cun centro de recursos virtuais: http://www.aelg.org Biblioteca virtual galega da Universidade da Coruña: http://bvg.udc.es/index.jsp Centro Ramón Piñeiro: dicionario de termos literarios: http://bernal.cirp.gal/ords/dtl/r/diterli3/inicio Galiciana. Biblioteca de Galicia: https://biblioteca.galiciana.gal Mediateca do Consello da Cultura Galega: http://consellodacultura.org/mediateca/index.php Portal da Cantigas Medievais Galego-Portuguesas, Projeto Littera da Universidade de Lisboa: http://cantigas.fcsh.unl.pt Real Academia Galega, hemeroteca e biblioteca virtual: http://academia.gal Universo Cantigas: https://universocantigas.gal</p>
----------------------	---

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

O/a estudante que precise falar co profesorado fóra do horario de atención establecido oficialmente, poderá concertar unha cita a través do correo electrónico, nos enderezos que figuran nesta guía. Para as comunicacións relativas á materia, o profesorado utilizará como canais preferentes, ademais da comunicación oral nas aulas, o Campus Virtual e o enderezo de correo electrónico institucional do alumnado.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.